

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

- 4175** *Real decreto 201/2010, do 26 de febreiro, polo que se regula o exercicio da actividade comercial en réxime de franquía e a comunicación de datos ao Rexistro de Franqueadores.*

A actividade comercial en réxime de franquía, desenvolvida por medio dos denominados acordos ou contratos de franquía, mellora normalmente a distribución de produtos e a prestación de servizos, posto que lles dá aos franqueadores a posibilidade de crearen unha rede de distribución uniforme mediante investimentos limitados, o que facilita a entrada de novos competidores no mercado, particularmente no caso das pequenas e medianas empresas, co conseguinte aumento da competencia entre marcas. Asemade, permite que os comerciantes independentes poidan establecer negocios máis rapidamente e, en principio, con máis posibilidades de éxito ca se tivesen que facelo sen a experiencia e a axuda do franqueador, abríndolles así a posibilidade de competir de forma máis eficaz con outras empresas de distribución.

Así mesmo, os acordos de franquía tamén poden beneficiar os consumidores e usuarios, posto que combinan as vantaxes dunha rede de distribución uniforme coa existencia de comerciantes interesados no funcionamento eficaz do seu negocio.

O artigo 62 da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, regula o réxime de franquía. O número 2 deste artigo preceptúa que as persoas físicas ou xurídicas que pretendan desenvolver en España a actividade de franqueadores deben comunicar os seus datos no prazo de 3 meses desde o inicio da súa actividade, e só para efectos informativos, ao rexistro que poidan establecer as administracións competentes, e que deberá estar coordinado co Rexistro estatal. Pola súa parte, o número 3 deste artigo determina a información que o franqueador deberá entregar ao futuro franqueado para que poida decidir, libremente e con coñecemento de causa, a súa incorporación á rede de franquía. Así mesmo, este número sinala que regulamentariamente se establecerán as demais condicións básicas para a actividade de cesión de franquías.

Na actualidade, o Real decreto 1182/2008, do 11 de xullo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, atribúelle á Dirección Xeral de Política Comercial o rexistro, control e seguimento daquelas modalidades de comercialización de carácter especial de ámbito nacional e as competencias derivadas da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista.

No desenvolvemento da citada Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, tívose en conta o dereito comunitario, e en especial dúas das súas disposicións. Por un lado, o Regulamento único de exención 2790/1999, do 22 de decembro (Regulamento (CE) n.º 2790/1999 da Comisión, do 22 de decembro de 1999, relativo á aplicación do número 3 do artigo 81 do Tratado CE a determinadas categorías de acordos verticais e prácticas concertadas) que veu derrogar e substituír o anterior regulamento de exención por categorías de acordos de franquía (o Regulamento (CEE) n.º 4087/88, da Comisión, do 30 de novembro de 1988, relativo á aplicación do número 3 do artigo 85 do Tratado a categorías de acordos de franquía), e é de aplicación directa aos acordos de franquía que afectan o mercado comunitario e o nacional. Por outro lado, a Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (en diante, Directiva de servizos), tívose en conta para efectos de racionalizar, simplificar e omitir barreiras innecesarias no acceso e prestación dos servizos, coadxuvando a mellorar a regulación do rexistro existente ata o momento.

Mellórase a regulación do rexistro estatal creado en 1998 que garante a centralización dos datos relativos aos franqueadores, para os efectos de información e publicidade; e, para este fin, fíxanse as directrices técnicas e de coordinación entre os rexistros similares

que poden establecer as comunidades autónomas, baixo o principio de interoperabilidade de rexistros e portelo único previstos na Directiva de servizos.

En todo caso, o mantemento do rexistro corresponderá ás comunidades autónomas onde os franqueadores teñan a súa sede social, de maneira que se aceptarán como vinculantes as propostas de inscrición, cancelación e revogación que aquelas efectúen.

A necesidade do Rexistro de Franqueadores vén ditada, entre outras razóns, pola conveniencia de dispor dun censo actualizado destas empresas, cuxo sector comercial está experimentando un forte desenvolvemento en España.

A disposición derradeira única da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, sinala que o artigo 62 constitúe lexislación civil e mercantil, e será de aplicación xeral por ampararse na competencia exclusiva do Estado para regular o contido do dereito privado dos contratos, resultante do artigo 149.1.6ª e 8ª da Constitución.

Así mesmo, o número 2 do artigo 62 ten a consideración de norma básica, ditada ao abeiro do artigo 149.1.13ª da Constitución.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e oídos os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de febreiro de 2010,

DISPOÑO:

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

A presente disposición ten por obxecto establecer as condicións básicas para desenvolver a actividade de cesión de franquías e a regulación do funcionamento e organización do Rexistro de Franqueadores, previsto no artigo 62 da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista.

## CAPÍTULO II

### Condicións básicas para desenvolver a actividade de cesión de franquías

#### Artigo 2. *Actividade comercial en réxime de franquía.*

1. Para os efectos deste real decreto, entenderase por actividade comercial en réxime de franquía, regulada no artigo 62 da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, aquela que se realiza en virtude do contrato polo cal unha empresa, o franqueador, cede a outra, o franqueado, nun mercado determinado, a cambio dunha contraprestación financeira directa, indirecta ou ambas, o dereito á explotación dunha franquía, sobre un negocio ou actividade mercantil que o primeiro veña desenvolvendo anteriormente con suficiente experiencia e éxito, para comercializar determinados tipos de produtos ou servizos e que comprende, polo menos:

a) O uso dunha denominación ou rótulo común ou outros dereitos de propiedade intelectual ou industrial e unha presentación uniforme dos locais ou medios de transporte obxecto do contrato.

b) A comunicación polo franqueador ao franqueado duns coñecementos técnicos ou un saber facer, que deberá ser propio, substancial e singular, e

c) A prestación continua polo franqueador ao franqueado dunha asistencia comercial, técnica ou ambas durante a vixencia do acordo; todo isto sen prexuízo das facultades de supervisión que poidan establecerse contractualmente.

2. Entenderase por acordo de franquía principal ou franquía mestra aquel polo cal unha empresa, o franqueador, lle outorga á outra, o franqueado principal, en contraprestación dunha compensación financeira directa, indirecta ou ambas, o dereito de explotar unha franquía coa finalidade de concluír acordos de franquía con terceiros, os franqueados, conforme o sistema definido polo franqueador, asumindo o franqueado principal o papel de franqueador nun mercado determinado.

3. Non terá necesariamente a consideración de franquía o contrato de concesión mercantil ou de distribución en exclusiva polo cal un empresario se compromete a adquirir, en determinadas condicións, produtos normalmente de marca, a outro que lle outorga unha certa exclusividade nunha zona, e a revendelos tamén baixo certas condicións, así como a prestarlles aos compradores destes produtos asistencia unha vez realizada a venda.

4. Tampouco terán a consideración de franquía ningunha das seguintes relacións xurídicas:

- a) A concesión dunha licenza de fabricación.
- b) A cesión dunha marca rexistrada para utilizala nunha determinada zona.
- c) A transferencia de tecnoloxía.
- d) A cesión da utilización dun símbolo ou rótulo comercial.

### Artigo 3. *Información precontractual ao potencial franqueado.*

Cunha antelación mínima de vinte días hábiles á sinatura do contrato ou precontrato de franquía ou á entrega por parte do futuro franqueado ao franqueador de calquera pagamento, o franqueador ou franqueado principal deberá dar por escrito ao potencial franqueado a seguinte información veraz e non enganosa:

a) Datos de identificación do franqueador: nome ou razón social, domicilio e datos de inscrición no Rexistro de Franqueadores, así como, cando se trate dunha compañía mercantil, capital social recollido no último balance, con expresión de se está totalmente desembolsado ou en qué proporción e datos de inscrición no Rexistro Mercantil, cando proceda.

Cando se trate de franqueadores estranxeiros, ademais, os datos de inscrición nos rexistros de franqueadores a que veñan obrigados, de acordo coas leis do seu país ou Estado de orixe. De tratarse de franqueado principal incluíranse, ademais, as circunstancias anteriores respecto do seu propio franqueador.

b) Acreditación de ter concedido para España, e en vigor, o título de propiedade ou licenza de uso da marca e signos distintivos da entidade franqueadora, e dos eventuais recursos xudiciais interpostos que poidan afectar a titularidade ou o uso da marca, se os houber, con expresión, en todo caso, da duración da licenza.

c) Descrición xeral do sector de actividade obxecto do negocio de franquía, que abarcará os datos máis importantes daquel.

d) Experiencia da empresa franqueadora, que incluírá, entre outros datos, a data de creación da empresa, as principais etapas da súa evolución e o desenvolvemento da rede franqueada.

e) Contido e características da franquía e da súa explotación, que comprenderá unha explicación xeral do sistema do negocio obxecto da franquía, as características do saber facer e da asistencia comercial ou técnica permanente que o franqueador subministrará aos seus franqueados, así como unha estimación dos investimentos e gastos necesarios para a posta en marcha dun negocio tipo. No caso de que o franqueador faga entrega ao potencial franqueado individual de previsións de cifras de vendas ou resultados de explotación do negocio, estas deberán estar baseadas en experiencias ou estudos que estean suficientemente fundamentados.

f) Estructura e extensión da rede en España, que incluíra a forma de organización da rede de franquía e o número de establecementos implantados en España, distinguindo os explotados directamente polo franqueador dos que operen baixo o réxime de cesión de franquía, con indicación da poboación en que se encontren situados e o número de franqueados que deixasen de pertencer á rede en España nos dous últimos anos, con expresión de se o cesamento se produciu por expiración do prazo contractual ou por outras causas de extinción.

g) Elementos esenciais do acordo de franquía, que recollerá os dereitos e obrigacións das respectivas partes, duración do contrato, condicións de resolución e, de ser o caso, de renovación del, contraprestacións económicas, pactos de exclusivas, e limitacións á libre dispoñibilidade do franqueado do negocio obxecto de franquía.

#### Artigo 4. *Deber de confidencialidade do franqueado.*

O franqueador poderalle exixir ao potencial franqueado un deber de confidencialidade de toda a información precontractual que reciba ou vaia recibir do franqueador.

### CAPÍTULO III

#### **Rexistro de Franqueadores**

#### Artigo 5. *Rexistro de Franqueadores.*

1. O Rexistro de Franqueadores, previsto no artigo 62.2 da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, configúrase como un rexistro de carácter público e natureza administrativa, só para os efectos de información e publicidade.

2. Este rexistro depende organicamente da Dirección Xeral de Política Comercial do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e formarase cos datos dos artigos 7 e 11 e as modificacións a que se refire o artigo 8 deste real decreto, que consten no propio rexistro ou que sexan facilitados polas comunidades autónomas onde os franqueadores comunicasen os seus datos.

3. As persoas físicas ou xurídicas que pretendan desenvolver en España a actividade de cesión de franquía deberán comunicar os seus datos, no prazo de 3 meses desde o inicio da actividade, ou ben ao rexistro da comunidade autónoma onde prevexan iniciar as súas actividades, ou, cando a comunidade autónoma non estableza a necesidade de comunicación de datos a ela, ao Rexistro de Franqueadores do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, para efectos informativos.

A comunicación ao Rexistro de Franqueadores non condiciona o inicio da actividade. A falta de comunicación de datos unha vez transcorrido o citado prazo comportará a correspondente sanción, de conformidade co réxime sancionador previsto na Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, e demais lexislación aplicable.

4. Quedan exentos da obrigación de comunicación de datos ao Rexistro os franqueadores establecidos noutros Estados membros da Unión Europea que operen en réxime de libre prestación, sen establecemento permanente en España. Neste caso, a única obrigación para o prestador consistirá en comunicar o inicio das súas actividades en España ao Rexistro, a través da comunidade autónoma onde teña previsto comezar a súa prestación. En defecto de rexistro autonómico, a precitada comunicación de inicio de actividade deberá dirixirse ao Rexistro de Franqueadores do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

#### Artigo 6. *Funcións do Rexistro de Franqueadores.*

O Rexistro de Franqueadores terá as seguintes funcións:

a) Inscribir os franqueadores no rexistro por proposta das comunidades autónomas onde aqueles teñan o seu domicilio ou directamente por solicitude do interesado, no caso

en que a comunidade autónoma correspondente non estableza a necesidade de comunicación de datos.

b) A asignación dunha clave individualizada de identificación rexistral, que se notificará á empresa inscrita ou á comunidade autónoma correspondente dependendo do caso. As empresas poderán solicitar as ditas claves se así o desexan.

c) Actualizar de forma periódica a relación dos franqueadores inscritos no rexistro e dos establecementos franqueados, cos datos achegados ben polas empresas ao rexistro, no caso en que a comunidade autónoma correspondente non estableza a necesidade de comunicación de datos, ou ben polas comunidades autónomas, e elaborar estatísticas por agregación e tratamento dos datos que figuran nas súas bases.

d) Inscribir as cancelacións dos franqueadores cando fosen acordadas polo propio rexistro ou por instancia das comunidades autónomas, por solicitude da empresa, por falta de actualización ou por decisión xudicial.

e) Expedir as oportunas certificacións acreditativas dos franqueadores inscritos no rexistro e da correspondente clave de identificación rexistral.

f) Dar acceso á información rexistral aos órganos administrativos das comunidades autónomas que o soliciten, de acordo co previsto no artigo 10 en materia de coordinación cos rexistros autonómicos.

g) Subministrar aos cidadáns a información de carácter público que se solicite relativa aos franqueadores inscritos.

h) Inscribir os franqueadores que non teñan o seu establecemento en España ou na Unión Europea, os cales comunicarán os seus datos directamente a este rexistro, así como as posteriores modificacións dos datos a que se refiren os artigos 7, 8 e 11.

i) Calquera outra función compatible coa súa actividade que lle sexa encomendada pola autoridade competente.

#### Artigo 7. *Procedemento para efectuar a comunicación de datos.*

1. As comunicacións de datos ou de inicio de actividade ao Rexistro de Franqueadores presentaranse ante o órgano competente da comunidade autónoma onde o prestador teña previsto o inicio das súas actividades, ou ben directamente ante o Rexistro de Franqueadores do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, no caso en que a comunidade autónoma correspondente non estableza a necesidade de comunicación de datos, podendo facerse a través de calquera dos lugares que enumera o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A comunicación de datos conterá, cando menos, os seguintes extremos:

a) Datos referentes aos franqueadores: nome ou razón social do franqueador, o seu domicilio, os datos de inscrición no Rexistro Mercantil, de ser o caso, e o número ou código de identificación fiscal.

b) Denominación dos dereitos de propiedade industrial ou intelectual obxecto do acordo de franquía e acreditación de ter concedida e en vigor a titularidade ou os dereitos de licenza de uso sobre eles, así como a súa duración e eventuais recursos xudiciais interpostos polo titular ou usuario da marca, se os houber.

c) Descrición do negocio obxecto da franquía, con expresión do número de franqueados con que conta a rede e o número de establecementos que a integran, distinguindo os explotados directamente polo franqueador dos que operan baixo o réxime de cesión de franquía, con indicación do municipio e provincia en que están situados. Indicarase tamén a antigüidade con que a empresa leva exercendo a actividade franquecedora, con especificación de establecementos propios e franqueados, así como os franqueados que deixaron de pertencer á rede en España nos dous últimos anos.

d) No caso de que o franqueador sexa un franqueado principal, este deberá achegar a información relacionada cos seguintes datos do seu franqueador: nome, razón social, domicilio, forma xurídica e duración do acordo de franquía principal; e manifestar que conta co contrato que acredite a cesión por parte do franqueador orixinario.

e) As empresas inscritas por medio de representante deberán manifestar que contan co documento acreditativo desta condición.

*Artigo 8. Obrigações dos franqueadores inscritos respecto á comunicación de datos.*

1. Os franqueadores inscritos deberán comunicar ao Rexistro de Franqueadores, no caso en que a comunidade autónoma correspondente non estableza a necesidade de comunicación de datos, ou ás comunidades autónomas competentes por razón do seu domicilio, calquera alteración nos datos a que se refire o artigo 7, no prazo máximo de tres meses desde que se produza, e o cesamento na actividade franqueadora no momento en que teña lugar.

2. Así mesmo, con carácter anual, durante o mes de xaneiro de cada ano, os franqueadores comunicarán ao Rexistro, no caso en que a comunidade autónoma non estableza a necesidade de comunicación, ou á comunidade autónoma correspondente, os pechos ou aperturas dos establecementos propios ou franqueados producidos na anualidade anterior.

3. En caso de falta de comunicación de datos, ben porque non fosen comunicados á comunidade autónoma correspondente ou ao Rexistro de Franqueadores as alteracións anteriormente sinaladas, por instancia, de ser o caso, da comunidade autónoma correspondente, con apercibimento previo e unha vez transcorridos dous meses desde este, procederáse a dar de baixa de forma automática as empresas franqueadoras determinando a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade tal e como sinala o artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e sen prexuízo do disposto no artigo 65.1 alíneas r) e s) da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista.

*Artigo 9. Informatización do Rexistro.*

1. O mantemento do Rexistro de Franqueadores instalarase en soporte informático para a recepción de escritos e comunicacións que se fagan de forma directa ante o Rexistro ou ante os órganos competentes das comunidades autónomas.

2. As notificacións e comunicacións do artigo 8 ao Rexistro de Franqueadores poderanse facer por medios electrónicos, para o cal será necesario, de acordo coa Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, o correspondente certificado electrónico.

3. En relación co funcionamento do citado rexistro observarase o disposto no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e nas normas que se diten en desenvolvemento do portelo único en relación coa aplicación da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

*Artigo 10. Coordinación con outros rexistros autonómicos.*

Os rexistros establecidos nas comunidades autónomas e o Rexistro de Franqueadores do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio garantirán a súa interoperabilidade técnica de conformidade co preceptuado na disposición adicional primeira da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

*Artigo 11. Documentación de inscrición voluntaria no Rexistro de Franqueadores.*

Con carácter voluntario por parte dos franqueadores e para efectos de publicidade e información, poderanse inscribir no Rexistro os datos seguintes:

a) A posesión dun certificado de calidade acreditativo do cumprimento de normas de calidade e a identificación da norma en que se basee.

- b) A adhesión a un sistema de solución extraxudicial de conflitos entre franqueador e franqueado.
- c) A sinatura de códigos de boas prácticas no ámbito da franquía.
- d) A adhesión ao sistema arbitral de consumo ou outros sistemas de resolución extraxudicial de conflitos en relación coas queixas que formulen os consumidores.
- e) Outros datos que poidan ser considerados de interese público.

Artigo 12. *Clasificación das empresas.*

Dentro do Rexistro de Franqueadores establecerase, cando menos, un apartado específico para os franqueadores consolidados.

Consideraranse franqueadores consolidados aquelas empresas que cumplan, cando menos, as dúas condicións seguintes:

- a) Ter desenvolvido a actividade franqueadora durante, polo menos, dous anos en dous establecementos franqueados, e
- b) Dispor dun número mínimo de catro establecementos, dos cales dous, cando menos, deberán ser establecementos propios.

Disposición adicional primeira. *Comunicacións de datos por parte das comunidades autónomas.*

As comunidades autónomas efectuarán as comunicacións de datos ao Rexistro de Franqueadores do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, que se incorporarán a el de maneira automática, de forma que se garanta que o Estado poida dispor dun censo actualizado das empresas franqueadoras. As comunidades autónomas tamén comunicarán a este rexistro as modificacións sobre estes datos. O Rexistro asignará á empresa un número de identificación de carácter nacional.

Disposición adicional segunda. *Datos comunicados directamente ao Rexistro de Franqueadores do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.*

Os datos comunicados directamente ao Rexistro de Franqueadores do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio incorporaranse a el de maneira automática, e poranse á disposición das comunidades autónomas de forma que se garanta que poidan dispor dun censo actualizado delas. Procederáse de igual xeito coas modificacións sobre os datos que se comuniquen directamente ao Rexistro de Franqueadores do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

Disposición adicional terceira. *Non incremento do gasto público.*

O disposto neste real decreto non poderá orixinar aumento de gasto do Estado.

Disposición transitoria primeira. *Interoperabilidade dos rexistros de franqueadores.*

As administracións competentes dispoñen do prazo de 1 ano, contado a partir da entrada en vigor da presente disposición, para garantir a interoperabilidade dos rexistros a que fan referencia os artigos 6.g) e 10 deste mesmo real decreto.

Durante o citado prazo, serán de aplicación os preceptos contidos nas disposicións adicionais primeira e segunda desta norma.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio para a aplicación do procedemento sancionador en defecto de comunicación de datos.*

O segundo parágrafo do punto terceiro do artigo 5 será de aplicación a todos os prestadores, incluídos aqueles cuxos datos aínda non estiveren comunicados en ningún rexistro no momento da entrada en vigor desta disposición, caso en que, para efectos do réxime sancionador, o cómputo se iniciará desde a entrada en vigor dela.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

A partir da entrada en vigor deste real decreto quedarán derogadas as seguintes normas:

a) Real decreto 2485/1998, do 13 de novembro, polo que se desenvolve o artigo 62 da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, relativo á regulación do réxime de franquía, e se crea o Rexistro de Franqueadores.

b) Real decreto 419/2006, do 7 de abril, polo que se modifica o Real decreto 2485/1998, do 13 de novembro, relativo á regulación do réxime de franquía e o Rexistro de Franqueadores.

c) Todas aquelas disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Carácter da norma.*

Os artigos 1, 2, 3 e 4 deste real decreto dítanse ao abeiro do disposto no artigo 149.1.6.<sup>a</sup> e 8.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúen ao Estado competencia exclusiva en lexislación mercantil e lexislación civil.

O artigo 7 dítase ao abeiro do artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas e o procedemento administrativo común.

Os restantes preceptos deste real decreto terán a consideración de norma básica ditada ao abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúen ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Industria, Turismo e Comercio para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para a execución do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de febreiro de 2010.

JUAN CARLOS R.

O Ministro de Industria, Turismo e Comercio,  
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN



## Formulario de comunicación de datos ao Rexistro de Franqueadores

**1 IDENTIFICACIÓN DO FRANQUEADOR OU FRANQUEADO PRINCIPAL**

CIF/NIF/Outro		Razón social/Nome e apelidos			
					Provincia
Enderezo (rúa, praza...)		N.º	Piso	C.P.	Cidade
Provincia		País		Teléfono	Fax
Correo electrónico		Nome dominio			

**2 TIPO (titular, principal ou estranxeiro)**

Titular	Principal	Estranxeiro	Antigüidade actividade franquadora (desde):	Ano:
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>		

**3 IDENTIFICACIÓN DO TITULAR DA FRANQUÍA**

CIF/NIF/Outro		Razón social/Nome e apelidos			
					Provincia
Enderezo (rúa, praza...)		N.º	Piso	C.P.	Cidade
Provincia		País		Teléfono	Fax

**4 PROPIEDAD INTELECTUAL**

Denominación do dereito de propiedade ou marca	Órgano que concedeu	Data da concesión	Periodo de validez	Recursos

**5 DESCRICIÓN DO OBXECTO DA FRANQUÍA****NOME COMERCIAL DA FRANQUÍA****6 N.º ESTABLECEMENTOS FRANQUEADOS =****7 N.º ESTABLECEMENTOS PROPIOS =****8 N.º ESTABLECEMENTOS TOTAIS =****9 N.º ESTABLECEMENTO FRANQUEADOS DE BAIXA EN ESPAÑA (dous últimos anos)****10 N.º ESTABLECEMENTO TOTAIS DE BAIXA EN ESPAÑA (dous últimos anos)****11 COMUNIDADE AUTÓNOMA PROPOÑENTE****COD.****12 EMPRESA CONSOLIDADA**SI  NON 

CON CARÁCTER VOLUNTARIO:		SI	NON
Comunicase que se dispón dalgún certificado de calidade		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Empresa adherida sistema solución extraxudicial de conflitos entre franquadores e franqueado		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Sinatura de códigos deontolóxicos no ámbito da franquía		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Empresa adherida ao sistema arbitral de consumo ou outros sistemas de resolución extraxudicial de conflitos		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Desexa que se poida acceder á súa páxina web a través dun enlace na páxina do Ministerio		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Outros datos de interese público	Presenza no estranxeiro	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

O presente formulario queda suxeito a posible revisión e modificación posterior mediante orde ministerial, unha vez aprobado en Conferencia Sectorial.

## Formulario de modificación de datos no Rexistro de Franqueadores

**1 IDENTIFICACIÓN DO FRANQUEADOR OU FRANQUEADO PRINCIPAL**

CIF/NIF/Outro		Razón social/Nome e apelidos			
		Provincia			
Enderezo (rúa, praza...)		N.º	Piso	C.P.	Cidade
Provincia		País	Teléfono		Fax
Correo electrónico		Nome dominio			

**2 TIPO (titular, principal ou estranxeiro)**

Titular	Principal	Estranxeiro	Antigüidade actividade franquadora (desde):	Ano:
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>		

**3 IDENTIFICACIÓN DO TITULAR DA FRANQUÍA**

CIF/NIF/Outro		Razón social/Nome e apelidos			
		Provincia			
Enderezo (rúa, praza...)		N.º	Piso	C.P.	Cidade
Provincia		País	Teléfono		Fax

**4 PROPIEDAD INTELECTUAL**

Denominación do dereito de propiedade ou marca	Órgano que concedeu	Data da concesión	Periodo de validez	Recursos

**5 DESCRICIÓN DO OBXECTO DA FRANQUÍA**

--

**NOME COMERCIAL DA FRANQUÍA**

--

CONSIGNE  
 A= Alta ou B= Baixa

<b>6</b> N.º de establecementos propios =	ALTA	BAIXA	ANO
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>7</b> N.º de establecementos franquados =	ALTA	BAIXA	ANO
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>8</b> Data de cesamento de actividade	<input type="text"/>
--	----------------------

<b>9</b> TOTAL ESTABLECEMENTOS PROPIOS =	
--	--

<b>10</b> TOTAL ESTABLECEMENTOS FRANQUEADOS =	
---	--

<b>11</b> TOTAL XERAL =	
-------------------------	--

CON CARÁCTER VOLUNTARIO:		SI	NON
Comunicase que se dispón dalgún certificado de calidade		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Empresa adherida sistema solución extraxudicial de conflitos entre franquadores e franquado		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Sinatura de códigos deontolóxicos no ámbito da franquía		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Empresa adherida ao sistema arbitral de consumo ou outros sistemas de resolución extraxudicial de conflitos		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Desexa que se poida acceder á súa páxina web a través dun enlace na páxina do Ministerio		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Outros datos de interese público	Presenza no estranxeiro	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

O presente formulario queda suxeito a posible revisión e modificación posterior mediante orde ministerial, unha vez aprobado en Conferencia Sectorial.